

Son infraccións moi graves:

- A agresión física ou o maltrato hacia os demais usuarios e persoal do centro.
- A sustracción de bens do centro ou dos demais usuarios.
- A produción dolosa de danos nos bens e instalacións do centro ou de outros usuarios.
- A reiteración de tres ou máis faltas graves

ARTIGO 29.—SANCIÓNS.

As sancións que se imporán aos residentes pola comisión das infraccións tipificadas no artigo anterior, serán as seguintes:

- Pola comisión de faltas leves: apercibimento verbal ou por escrito.
- Pola comisión de faltas graves: expulsión temporal do centro por un periodo non superior a un mes.
- Pola comisión de faltas moi graves: expulsión temporal do centro por un periodo de ata tres meses e expulsión definitiva.

Para a gradación das sancións que se impoñan teranse en conta as circunstancias persoais do infractor, a existencia de intencionalidade ou reiteración, a gravidade dos feitos e das súas consecuencias e a reparación, no seu caso, dos prexuízos causados.

Disposición final

De acordo co sinalado no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das Bases do Réxime Local, o presente Regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, a súa publicación íntegra no BOP e unha vez que teña transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 do mesmo texto legal.

A Cañiza, 22 de agosto de 2013.—O Alcalde, Miguel A. Domínguez Alfonso.

2013007623

* * *

O PORRIÑO**A N U N C I O**

Por Resolución da Alcaldía de data 24 de xullo de 2013, aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria pública para a provisión interina, con carácter urxente, duna praza da plantilla do orzamento de 2012 prorrogado para o ano 2013 do concello do Porriño, encadrada dentro do persoal laboral fixo, coa denominación de operario de obras e servizos e coa titulación de certificado de escolaridade ou equivalente, que quedou vacante pola xubilación do seu titular producida o pasado día 13-05-2013, con posterioridade a aprobación da última oferta de emprego Público deste Concello, mediante a contratación laboral de interinidade, o que se fai público a efectos de xeral coñecemento.

**BASES DA CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA PROVISIÓN INTERINA
DA PRAZA DE OPERARIO DE OBRAS E SERVIZOS DO CONCELLO DO PORRIÑO,
MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN**

1ª.—OBJECTO

O obxecto desta convocatoria e Bases é a provisión interina, con carácter urxente, duna praza da plantilla do orzamento de 2012 prorrogado para o ano 2013 do concello do Porriño, encadrada dentro do persoal laboral fixo, coa denominación de operario de obras e servizos e coa titulación de certificado de escolaridade ou equivalente, que quedou vacante pola xubilación do seu titular producida o pasado día 13-05-2013, con posterioridade a aprobación da última oferta de emprego Público deste Concello, mediante a contratación laboral de interinidade.

2ª.—SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema selectivo é o de concurso oposición.

3ª.—RETRIBUCIÓN

As retribución bruta anual a percibir polo traballador/a contratado interinamente serán as consignadas no orzamento vixente para a praza obxecto desta convocatoria

4ª.—DURACIÓN DA CONTRATACIÓN

A contratación interina durará mentres perduren as circunstancias de urxencia que determinan o nomeamento e contratación laboral temporal interina, non se cubra en propiedade ou se amortice a devandita praza.

O cese da persoa nomeada e contratada interinamente segundo estas bases producirase, ademais de polo exposto no apartado anterior, polas causas previstas na Lei 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público e no Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, ou por calquera outra causa de perda de relación de servizo previstas na normativa de aplicación aos empregados públicos.

5ª.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para poder participar nesta convocatoria e seren admitidos os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 da Lei 7/2007 do Estatuto Básico do Empleado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións e tarefas do médico obxecto desta convocatoria.
- c) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non haber sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas.
- e) Non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para os empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- f) Non atoparse incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.
- g) Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente.

No caso de equivalencia ou homologación deberá xustificarse con certificado expedido polo organismo competente para establecelas.

- h) Ter ingresado na conta nº 2080 5054 02 3110017139 que o Concello do Porriño ten aberta en NGB Banco, S.A. (Novacaixagalicia) a cantidade de 15,95 euros en concepto de dereitos de exame segundo a vixente ordenanza fiscal deste concello. No xustificante de aboamento, que se deberá achegar á solicitude, deberase facer constar o nome e apelidos do/a aspirante así como a denominación da praza a que se presenta. (En ningún caso a mera presentación do xustificante do pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e forma da solicitude).

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de rematar o prazo de admisión de solicitudes e conservarse, cando menos, durante o proceso selectivo.

6ª.—PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes dirixiranse ao Sr. Alcalde do Concello do Porriño, e presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres e de 9:00 a 13:00 horas ós sábados, durante o prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte a aquel en que se publique o anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes formularanse na forma que determina o artigo 70 a Lei 30/1992 do Procedemento Administrativo Común ou conforme ó modelo que se acompaña como Anexo a estas bases, e conterá, polo menos, os datos persoais do/a solicitante, co seu enderezo, a denominación da praza convocada, e unha declaración expresa de que reúne os requisitos esixidos nestas bases da convocatoria.

Coa solicitude se achegará necesariamente:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada do xustificante de haber abonado a taxa por dereitos de exame.
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos que aleguen dentro dos establecidos no baremo destas Bases (en ningún caso se valorarán méritos non acreditados documentalmente).
- Certificado de Lingua Galega 2 (Celga 2) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da Orden do 16 de xullo de 2007, para xustificar ter o coñecemento de lingua galega e estar exento/a de realizar o exercicio da oposición da base 10ª.c) 3.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentase as solicitudes en lugar distinto do rexistro xeral deste Concello, é conveniente que os/as interesados/as remitan por fax unha copia da instancia ó número 986/33.58.50 dentro do citado prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para seren seladas e datadas antes de seren certificadas.

As solicitudes subscritas por españois no estranxeiro poderán cursarse, no prazo sinalado, a través das representacións diplomáticas ou consulares españolas correspondentes, que a remitirán seguidamente ao organismo competente.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPDEPO), no taboleiro de edictos do concello do Porriño (sen prexuízo da súa publicación na páxina web www.porremplego.org de forma complementaria), e un anuncio da convocatoria no Diario Oficial de Galicia (DOG), computándose o referido prazo de presentación de solicitudes, en calquera caso, e tal como quedou dito, dende a publicación no DOG.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fagan constar na súa solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán corrixirse ou repararse en calquera momento ben de oficio ben a instancia de parte.

7ª.—ADMISIÓN

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes o Alcalde ditará resolución pola que declara aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as, coas causas que motivaron a exclusión, así como a designación do tribunal de selección.

A devandita resolución publicárase no taboleiro de edictos do concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na devandita páxina web deste Concello, concedéndose un prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación, para poder emendar, de ser o caso, os erros ou defectos que motivaron a exclusión, así como para promover a recusación dos membros do tribunal.

Transcorrido o prazo anterior, o Alcalde ditará nova resolución pola que aprobará a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo, e fixará o lugar e a data de avaliación dos méritos da fase de concurso previa á da oposición e o comezo das probas. Esta resolución publicárase igualmente no taboleiro de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na devandita páxina web.

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós/ás interesados/as a posesión dos requisitos esixidos, os cales deberán ser xustificados documentalmente como se indica nestas bases.

8ª.—TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O tribunal de selección estará formado por cinco membros: un presidente, un secretario e tres vogais e quedará integrado polas persoas que designe o Alcalde, publicándose a súa composición consonte o disposto na base anterior, coa lista provisional de admitidos/as e excluídos/as.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición do tribunal será predominantemente técnica e os seus membros deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ao artigo 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do Presidente e do Secretario ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz pero sen voto, quen colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas.

O tribunal está facultado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos interesados nos supostos e na forma establecida na Lei 30/1992, do 26 de novembro.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto nos artigos 102 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación

vixente no momento dos devengos. As indemnizacións dos asesores, agás disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

9ª. — FASE DE CONCURSO

Previamente á fase de oposición realizarase a fase de concurso, que non terá carácter eliminatorio.

O concurso consistirá na valoración dos méritos acreditados documentalmente coas solicitudes presentadas polos/as aspirantes admitidos/as, segundo o seguinte baremo:

1º).—Experiencia profesional: máximo 3 puntos.

Valorarase neste apartado a experiencia profesional directamente relacionada coa contratación obxecto destas bases, da seguinte forma:

- Por servizos prestados como operario de obras e servizos ou similar na Administración Pública a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado, ata un máximo de 3 puntos. (Acreditarase mediante certificación expedida polo correspondente funcionario/a habilitado para o efecto ou no seu defecto mediante os contratos de traballo e orixinal de informe ou de certificación de vida laboral actualizada expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social).

2º).—Formación: máximo 2 puntos.

Pola asistencia a cursos sobre materias relacionadas coa praza obxecto destas Bases, sempre que fosen impartidos ou organizados por Deputacións, Concellos ou outras Administracións Públicas, polo Inem ou por Centros Oficiais de Formación ou por Institucións homologadas para organizalos ou impartilos, da seguinte forma:

- 100 ou máis horas: 1 punto por curso.
- De 60 a 99 horas: 0,60 puntos por curso.
- De 30 a 59 horas: 0,40 puntos por curso.
- De 10 a 29 horas: 0,20 puntos por curso.
- 9 ou menos horas: 0,10 puntos por curso.

Os cursos, xornadas, congresos ou actividades de formación que non especifiquen o número de horas valoraranse cunha puntuación de: 0,05 puntos por curso.

10ª. —FASE DE OPOSICIÓN

A) COMEZO DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse o tribunal, así como o día, hora e lugar para a avaliación da fase de concurso e o comezo do primeiro exercicio da oposición convocada, anunciarase no taboleiro de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web do Concello do Porriño, xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal, con 24 horas de antelación cando menos a tal realización, no local onde se haxa celebrado o anterior e no taboleiro de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación complementaria na referida páxina web do Concello do Porriño.

En todo caso, para os efectos do cómputo dos prazos previstos nas presentes bases reguladoras, considérase publicación oficial dos anuncios do tribunal cualificador do proceso selectivo aquela publicación realizada no citado taboleiro de anuncios do Concello do Porriño.

B) DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e perderán o seu dereito os opositores que non comparezan cando se realice, agás en casos alegados e xustificadas con

anterioridade á realización dos exercicios, os cales serán libremente apreciados polo Tribunal. A non presentación de un aspirante a calquera dos exercicios obrigatorios no momento de ser chamado, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito a participar no mesmo e nos sucesivos, quedando excluído, en consecuencia, do procedemento selectivo. Aos efectos previstos neste apartado, o chamamento se considerará único, aínda que haxa que dividirse en varias sesións a realización do exercicio que así o requira, debendo asistir os aspirantes á sesión á que haxan sido convocados.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos exercicios.

A orde de actuación dos opositores, para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea, iniciárase alfabeticamente polo primeiro apelido da lista de admitidos e excluídos ordenada alfabeticamente.

En calquera momento o tribunal poderá requirir os/as opositores/as para que acrediten a súa identidade.

Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do tribunal que algún dos/as aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na convocatoria, logo da audiencia do interesado, deberá propor ao Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

Os exercicios celebraranse sen outra asistencia que os membros do tribunal, os colaboradores designados por este e os opositores, agás que o tribunal acorde a realización dalgunha proba que o poida requirir de xeito oral, que se realizarán en sesión pública.

Dende a total terminación dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 72 horas e un máximo de 45 días naturais.

Concluído cada un dos exercicios da oposición o tribunal fará pública a relación, por orden descendente, de aspirantes que o superasen, coa indicación da puntuación ou cualificación obtida no taboleiro de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación complementaria na devandita páxina web. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos, e polo tanto quedarán eliminados da oposición.

Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse o recurso procedente ante o órgano competente de conformidade co previsto na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e de procedemento administrativo común.

C) EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

1. —Primeiro exercicio escrito, obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá no desenvolvemento por escrito, durante o tempo sinalado polo tribunal, dun cuestionario tipo test de 20 preguntas con catro respostas alternativas, das que só unha será a correcta, de entre os temas do temario establecido no Anexo I, no prazo de tempo e co contido determinado polo Tribunal inmediateamente antes do comezo do exercicio.

Este exercicio puntuarase de cero (0) a dez (10) puntos, sendo necesario para aprobar obter unha puntuación mínima de cinco (5) puntos. As preguntas correctamente contestadas valoraranse con 0,50 puntos e as respostas erróneas non minorarán a puntuación.

2. —Segundo exercicio. Práctico, obrigatorio e eliminatorio.

Un exercicio de carácter práctico e eliminatorio que consistirá na realización dunha ou varias probas de execución práctica ou teórica acordes coas funcións dun operario de obras e servizos (electricidade, xardinería, albanelería, fontanería, etc.), no prazo de tempo e co contido determinado polo Tribunal inmediateamente antes do comezo do exercicio e en relación co temario que figura no Anexo I.

Este exercicio cualificarase entre cero (0) e dez (10) puntos, sendo necesario obter un mínimo de cinco (5) puntos para aprobar este exame.

3.—Terceiro exercicio escrito, obrigatorio e non eliminatorio, sobre coñecemento do idioma galego para os aspirantes non exentos:

Consistirá na tradución directa do castelán ao galego, sen axuda do dicionario, dun texto determinado polo tribunal, inmediatamente antes do comezo do exercicio, que se desenvolverá no prazo de tempo determinado por este.

Este exercicio avaliarase de 0 a 1 punto.

O exercicio realizarase segundo o programa do anexo I da Orden de 16 de xullo de 2007 da Consellería de Presidencia e Administracións Públicas e Xustiza (DOG, nº 146/30-07-2007), para o nivel de galego Celga 2.

Estarán exentos da realización deste exercicio os/as aspirantes que acrediten posuír o título CELGA 2, segundo o disposto na Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega no seus anexo I, aos que se lle asignarán 1 punto. Esta exención haberán de acreditala documentalmente xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, dentro do prazo de 20 días naturais sinalado na base 6ª.

11ª.—CUALIFICACIÓN

Na corrección e cualificación dos exercicios deberá garantirse, sempre que sexa posible, o anonimato dos aspirantes.

A cualificación de cada un dos exercicios da oposición será a media aritmética das puntuacións outorgadas por tódolos membros asistentes do Tribunal. Cando entre dúas puntuacións outorgadas por membros do Tribunal exista unha diferenza superior a tres enteiros, serán automaticamente excluídas as dúas cualificacións, maior e menor das puntuacións outorgadas, calculándose a media aritmética coas puntuacións outorgadas polos demais membros do Tribunal.

Á cualificación obtida polos/as aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a que corresponda ós exercicios obrigatorios non eliminatorios e, no seu caso, a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

No suposto de empate nas puntuacións finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no segundo exercicio e se isto non fose suficiente para desempatar, pola puntuación obtida no primeiro exercicio.

De persistir o empate este resolverase acudindo a puntuación outorgada aos méritos na fase de concurso e en caso de manterse o empate este dirimirase mediante sorteo.

Determinada a cualificación final dos/as aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados/as por orde de puntuación decrecente con proposta ao alcalde do candidato/a que, habendo aprobado e obtido a maior puntuación, deba ser nomeado para ocupar a praza obxecto da convocatoria, no taboleiro de edictos do concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación na citada páxina web de forma complementaria.

Se os exames non foran corrixidos ó remate da proba, introducíranse nun sobre que se pechará e selará, asinando sobre o precinto tódolos membros do Tribunal presentes, así como o mesmo número de aspirantes elixidos ó chou. O sobre quedará baixo a custodia do secretario/a para a súa apertura ó inicio da sesión na que se corrixan.

Os membros do tribunal só poderán cualificar os exames daqueles aspirantes ós que corrixiran o exame, ou presenciaran a súa lectura, no seu caso.

O tribunal en ningún caso poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao do posto convocado. Calquera proposta de aprobados/as que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

A proposta do tribunal terá carácter vinculante.

**12ª.—ACHEGA DE DOCUMENTOS POLO/A ASPIRANTE PROPOSTO/A POLO TRIBUNAL
CUALIFICADOR**

A relación de aprobados/as, publicada no taboleiro de edictos do concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación na súa páxina web de forma complementaria, conterá unha advertencia recordándolle ó/á opositor proposto/a que deberá presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpre os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de 20 días naturais, contados desde a publicación da citada relación de aprobados/as, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

- Documento nacional de identidade mediante fotocopia compulsada.
- Certificación de nacemento expedida polo Rexistro Civil correspondente.
- Título oficial esixido para o ingreso ou copia autenticada, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse certificación expedida polo organismo competente en que se faga constar a súa equivalencia ou homologación coa esixida para o acceso).
- Certificación médica oficial estendida en impreso, editado polo Consello Xeral de Colexios Oficiais de Médicos de España, debendo amais levar estampado o selo do colexio médico provincial en que este certificado sexa estendido, para acreditar posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas de operario de obras e servizos que se esixe na base 5ª apartado b); sen prexuízo de posterior recoñecemento.
- Declaración xurada de non ter sido separado/a do servizo das Administracións públicas e de non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente así como de non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial nos termos establecidos nos apartados d), e), f) da base 5ª referida aos requisitos dos/as aspirantes.
- Fotocopia compulsada do documento na que conste o número de afiliación á seguridade social (cartilla da seguridade social, tarxeta sanitaria, vida laboral ou documento similar que acredite tal extremo).
- Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos nestas bases que non estean comprendidos nos anteriores apartados.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos os/as aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións ou requisitos esixidos mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

Quen non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado/a e contratado persoal laboral temporal interino, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incorrer por falsidade.

**13ª.—NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL CON CARÁCTER INTERINO E FORMALIZACIÓN
DE CONTRATO LABORAL DE INTERINIDADE**

Concluído o proceso selectivo, o/a aspirante proposto/a, serán nomeado/a persoal laboral con carácter de interino polo Alcalde, unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

A formalización do contrato laboral de interinidade efectuarase dentro do prazo máximo de un mes, contado desde o día seguinte á notificación do nomeamento. Na formalización do contrato deberá facerse constar que o nomeado/a promete ou xura o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril. De non formalizar o contrato no prazo indicado o/a nomeado/a quedará na situación de cesante

perdendo todos os dereitos obtidos pola oposición, a non ser que presenten causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Na formalización do contrato de interinidade tamén se fará constar a manifestación do/a interesado/a de non vir desenvolvendo ningún posto ou actividade no sector público e que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade, así como de non atoparse percibindo pensión de xubilación, retiro e orfandade por dereitos pasivos ou por calquera réxime da Seguridade Social, público e obrigatorio. De estar a desenvolver unha actividade incompatible coa nova, terá que optar por unha delas dentro do prazo de formalización do devandito contrato. Se se tratara de actividades susceptibles de compatibilidade, deberá instalala antes da toma de posesión, que quedará en suspenso en tanto recae resolución.

14ª.—LISTA DE RESERVA

A devandita relación que servirá de lista reserva, para o efecto de que a persoa proposta e nomeada interinamente desistise, renunciase, non se presente a formalizar o contrato dentro do referido prazo quedando e situación de cesante ou unha vez dado de alta na Tesourería da Seguridade Social e formalizado o contrato perdese a súa condición de interino por algunha das causas legalmente previstas, e tamén para o efecto de atender a substitución transitoria do nomeado por baixas de enfermidade, goce de licenzas ou permisos, ou situacións administrativas con dereito á reserva da citada praza e mentres persistan tales circunstancias. A lista terá vixencia ata a confección dunha posterior que a substitúa.

Dita lista de reserva publicárase no taboleiro de edictos do concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación na súa páxina web de forma complementaria.

Una vez formada e publicada a lista reserva, se procederá ao chamamento segundo a necesidade existente, polo estrito orden de prelación. No suposto de que efectuado o chamamento este non puidera formalizarse ou non se atendera pola persoa interesada, esta pasará a ocupar o último lugar da lista de reserva constituída. Finalizada a substitución o/a interesado/a volverá a quedar na lista ocupando o mesmo lugar que lle correspondía segundo a puntuación obtida.

O chamamento poderá realizarse polo medio máis urxente que permita constancia da recepción deste.

As persoas que figuren na lista de reserva deberán manter os requisitos esixidos na convocatoria para poder permanecer nela, pois en caso contrario quedarán excluídos da mesma.

O/A persoa que acepte o chamamento deberá aportar os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria e detallados na base 12ª de achega de documentos.

15ª.—CESE

Dado o obxecto destas bases e da súa convocatoria calquera dos nomeamentos previstos nas mesmas quedará revocado, cesando automaticamente o/a aspirante designado/a, quen tamén cesará, amais de polas causas de perda da relación do servizo previstas na LEBP e no Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións concordante e de aplicación, cando finalice a causa que deu lugar a seu nomeamento ou sexa cuberta a praza en propiedade ou se produza a amortización da mesma.

16ª.—CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan a Administración municipal, aos tribunais cualificadores e ós/as aspirantes que participan nos procesos selectivos convocados.

17ª.—DISPOSICIÓN FINAL

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde da selección en todo o non previsto nestas Bases. Así mesmo, o Tribunal poderá declarar durante o transcurso do proceso selectivo como excluídos a aqueles/as aspirantes que fagan uso de calquera actuación fraudulenta na acreditación dos requisitos e méritos requiridos nestas bases.

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas e das actuacións dos tribunais poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecidos pola Lei 30/1992, do 26, a Lei 7/1985, do 2 de abril, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa segundo corresponda.

18ª.—RÉXIME XURÍDICO

No non previsto nestas bases estarase ao establecido no Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia; Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes; Lei 7/1.985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real Decreto Lexislativo 781/1.986, de 18 de abril, texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Lei 7/2007, de 12 de abril, do estatuto básico do empregado público; o Real Decreto 364/1.995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do estado; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia, Real Decreto 896/1.991, de 7 de xuño, polo que se establecen las regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Texto refundido do Estatuto dos Traballadores aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo e demais disposicións concordantes e de xeral aplicación.

ANEXO I – TEMARIO

PARTE XERAL OU COMÚN

1. A Constitución española de 1978: estrutura e principios xerais.
2. La organización territorial del Estado. O estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e principios xerais.
3. La administración local. Especial referencia ó municipio. O Goberno municipal. O Pleno da Corporación. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. As Comisións Informativas.
4. A facenda pública e administración tributaria. As ordenanzas fiscais do Concello do Porriño.
5. Idea xeral sobre o procedemento administrativo. fases do procedemento administrativo común.

PARTE ESPECÍFICA

1. Albanelería. Funcións, técnicas e tarefas de albanelería. Morteiros. Azulexado. Encofrado. Rozas. Goteiras e humidades.
2. Albanelería. Identificación de ferramentas e materiais máis habituais. Conservación e mantemento de maquinaria e ferramenta.
3. Fontanería. Ferramenta e materiais. Tubaxe. Soldaduras. Avarías e reparacións.
4. Nocións de electricidade. Coñecementos xerais. Ideas fundamentais sobre o funcionamento dunha instalación eléctrica. Receptores eléctricos. Condutores e illantes. Instalación de interruptores. Tubos fluorescentes. Reparacións de pequenas avarías. Coñecemento de cadros eléctricos e manexo dos mesmos.
5. Xardinaría. Mantemento e conservación de xardíns e zonas verdes. Plantación de árbores e poda. Preparación de chans para xardinería. Sistemas de rego e maquinaria.

ANEXO II - SOLICITUDE

SOLICITUDE PARA A PROVISIÓN INTERINA DO POSTO DE OPERARIO DE OBRAS E SERVIZOS

D./D.^a, provisto/a de DNI, con domicilio a efecto de notificacións en, teléfono núm. ,

EXPÓN: Que no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº de data publicáronse as Bases que rexen o procedemento selectivo polo sistema de concurso oposición para a provisión interina, con carácter urxente, dunha praza da plantilla do persoal laboral fixo, coa denominación de operario de obras e servizos e coa titulación de certificado de escolaridade ou equivalente, que quedou vacante pola xubilación do seu titular producida con posterioridade a aprobación da última oferta de emprego Público deste Concello, mentres perduren as circunstancias de urxencia que determinan o nomeamento e contratación laboral de interinidad, non se cubra en propiedade ou se amortice a devandita praza, e desexando tomar parte no citado proceso selectivo, DECLARA que na data de remate do prazo de presentación de instancias reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria que declaro coñecer.

Polo exposto e declarado,

SOLICITA: Que tendo por presentada esta solicitude e documentación que achega coa mesma sexa admitido/a á convocatoria para provistar con carácter interino a praza indicada mediante o contrato laboral de duración determinada de interinidade.

Documentación que se achega:

- Fotocopia compulsada do DNI en vigor.
- Fotocopia compulsada do xustificante de haber abonado a taxa por dereitos de exame.
- Fotocopia compulsada do certificado de Lingua Galega 2 (Celga 2) ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional 2ª da Orden do 16 de xullo de 2007, para xustificar ter o coñecemento de lingua galega e estar exento/a de realizar o exercicio da oposición da base 10ª.c) 3.
- Fotocopia compulsada da documentación acreditativa dos méritos que aleguen dentro dos establecidos no baremo destas Bases (en ningún caso se valorarán méritos non acreditados documentalmente).

....., de de 2013

(Sinatura do/a solicitante)

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DO PORRIÑO

O Porriño, a 24 de xullo de 2013.—O Alcalde, José Nelson Santos Argibay.

2013007868

* * *

SALCEDA DE CASELAS

A N U N C I O

APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

En data de 2 de setembro de 2013, o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, acordou aprobar inicialmente o “Regulamento de Axudas de Emerxencia Social Municipal do Concello de Salceda de Caselas”. De conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, reguladora das bases do réxime local, ponse en xeral coñecemento quedando exposto ao público, podendo consultarse o expediente na Secretaría do Concello, por un período de trinta (30) días hábiles, que comezará a contar dende o seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que durante este prazo poidan formularse polos interesados as reclamacións que se consideren oportunas.

Caso de non presentarse reclamación algunha, este Regulamento entenderase definitivamente aprobado sen necesidade de novo acordo e sen prexuízo de que o texto íntegro do Regulamento deba publicarse para o seu xeral coñecemento.

Salceda de Caselas, a 4 de setembro de 2013.—O Alcalde, Marcos David Besada Pérez.

2013007897